

Martes, 2 de maio de 2017

Núm. 83

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

Convenios

LAUDO ARBITRAL DA EMPRESA CESPA, S.A.

Convenio o Acordo:

**CONVENIO COLECTIVO DA EMPRESA CESPA S.A. CO SEU PERSONAL ADSCRITO
AOS SERVIZOS DE LIMPEZA PÚBLICA E INTERIORES CONTRATADOS
CO CONCELLO DE PONTEVEDRA**

- Expediente: 36/01/0066/2017
- Data: 18/04/2017
- Asunto: RESOLUCIÓN DE INSCRICIÓN E PUBLICACIÓN
- Código de Convenio número 36001102011981.

Visto o texto do laudo arbitral relativo á aplicación ou non dunha suba salarial ao plus de calidade na empresa CESPA FERROVIAL SERVICIOS PONTEVEDRA, que foi dictado o día 27 de marzo do 2017, e tivo entrada no rexistro telemático de convenios e acordos colectivos de traballo da xefatura territorial da consellería de Economía, Emprego e Industria en Vigo o 04 de abril do 2017, de conformidade co disposto no art. 90, 2 e 3, do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real Decreto 713/2010, de 28 de mayo, sobre rexistro e depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo, artigo 24.4 do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA), e Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta xefatura territorial,

A C O R D A:

Primeiro.- Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18.10.2010).

Segundo.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Ordenar a notificación desta Resolución á Mesa Negociadora do mesmo.

LAUDO

VERÓNICA MARTÍNEZ BARBERO designada árbitra por Acta de Compromiso Arbitral prevista no artigo 20 y Sección 3ª do Capítulo II do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA), de data 16.03.2017, no conflito xurdido na empresa CESPA FERROVIAL SERVICIOS resolve o asunto planteado ditando o seguinte laudo, baseándose nos seguintes:



Martes, 2 de maio de 2017

Núm. 83

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 28 de febreiro de 2017 promoveuse polas centrais sindicais CIG, UGT, CCOO e USO, o procedemento de arbitraje regulado na Sección 3ª do Capítulo III do AGA, que foi aceptado pola representación da empresa, sendo partes no proceso:

- A representación empresarial, integrada por D. Jorge Pérez Castillo, Xerente de Cespa Ferroviario Servizos, D. Javier David García, Xefe de Servizos, e D. Manuel Polledo Cerdeiriña, avogado e relacións laborais da empresa para Galicia e Asturias.
- A representación dos traballadores, integrada por Dª Nuria Abal Muñiz, Secretaria do Comité de Empresa, pola UGT, D. Manuel Iglesias Pazos, D. Francisco Javier Dapena Varela e D. Raimundo Veiga Caldas, delegados de persoal de CIG, D. Manuel Miñan Pal e D. Roberto García Fariña, delegados de persoal de UGT, D. Constante Peon Pereira, delegado de CCOO, D. José Ángel Casas Penas, delegado de persoal de USO, e Dª Diana Rodríguez Regueira, asesora sindical da CIG.

Trala reunión celebrada nesta data, na que se expuxo por cada unha das partes a súa posición sobre o punto obxecto de debate, e se aportaron probas documentais correspondentes, acordouse a remisión de alegacións escritas á actuante o luns día 20 de marzo de 2017.

Segundo.- A cuestión sometida ao arbitraje é a aplicación da subida acordada no punto 1 da Acta de Preacordo de 20.12.2016 ao plus de calidade regulado no artigo 46 do Convenio Ferroviario Servizos en Pontevedra RSU y LV, ou o mantemento do texto do mesmo na redacción do Convenio anterior –e non aplicación, polo tanto, da subida antedita–.

Terceiro.- Os datos recabados na xuntanza de 16 de marzo permiten resumir os feitos do presente proceso nun desacordo entre as partes negociadoras do Convenio sobre a interpretación do primeiro parágrafo en relación ca cláusula primeira do preacordo que puxo fin a negociación do último asinado:

“En Pontevedra a 20 de decembro de 2016, sendo las 12:00 horas se reúnen las personas al margen relacionadas teniendo lugar la décima reunión de la comisión negociadora del Convenio colectivo de Ferroviario Servizos en Pontevedra dedicado a la actividad de recogida de residuos y limpieza pública viaria, llegándose a un preacuerdo entre las partes respecto del Convenio colectivo, cuyo contenido es el que se transcribe a continuación, permaneciendo el resto del texto del Convenio invariable:

1.- Vigencia: tres años con el siguiente incremento económico:

- Año 2016: El 0,7% en todos los conceptos. Revisión si el IPC es superior al 0,7% y en la diferencia (con efectos retroactivos a 1/01/2016).
- Año 2017: PIC real del año 2016 más el 0,6% en todos los conceptos.
- Año 2018: IPC real del año 2017 más el 0,6% en todos los conceptos.”

Resulta ase mesmo relevante aos efectos da resolución a ditar que, en data 9 de decembro de 2016 a totalidade dos sindicatos integrantes do Comité de empresa presentaron convocatoria de folga indefinida, co inicio o día 25.12.2016, as 22:30 horas. O documento de convocatoria presentado especifica, no apartado MOTIVOS:



Martes, 2 de maio de 2017

Núm. 83

“Que se promove a presente declaración de folga por canto resultaron totalmente infructuosos tódolos intentos de negociación do Convenio colectivo de CESPFA Ferrovial Pontevedra.”

Dacordo co exposto por ámbalas dúas partes, tanto na comparecencia antedita como nos escritos de alegacións remitidos, a postura de cada unha das representacións do proceso é, de modo sucinto, a seguinte:

CESPFA FERROVIAL SERVICIOS: Por parte da empresa deféndese a invariabilidade do plus de calidade durante a vixencia del Convenio 2016–2018, en base os seguintes argumentos:

- Segundo a empresa, a súa postura dedúcese da redacción do artigo 46 -“Permanecendo invariábel o importe anual establecido no presente Convenio (...)”- en relación co primeiro parágrafo do acordo de 20.12.2016, que sinala, ao final do parágrafo discutido: “Ilegándose a un preacuerdo entre las partes respecto del Convenio colectivo, cuyo contenido es el que se transcribe a continuación, permaneciendo el resto del texto invariable”.
- O escrito de alegacións tamén apunta que a vontade manifestada expresamente pola parte empresarial durante toda a negociación do Convenio foi a de non incrementar o plus de calidade durante a vixencia do Convenio.
- De conformidade co manifestado pola empresa, o argumento utilizado pola parte social de que debe aplicarse a subida a tódolos conceptos, por estar así recollido na acta de 20 de decembro, contradixese cas actuacións destas partes en Convenios anteriores, onde o acordo recolleu o mesmo texto (“incremento en todos los conceptos”), para despois analizar cada concepto económico e incrementar uns si e outros non, en función da propia regulación normativa de cada concepto no seu propio artigo. Así, en el Convenio de 2014-2015, estableceuse o incremento en todos los conceptos e, non obstante, no artigo 46 fíxose que o plus de calidade era de 400 euros, permanecendo invariable. Ademais, no Convenio anterior, dos anos 2012 y 2013, no que se crea o plus de calidade por importe de 200 euros, sube a 400 euros no 2013. Es dicir, este plus non se incrementou tampouco como el resto de conceptos
- Recoñece a empresa o envío de dous borradores, pero os cambios entre ambos foron feitos para acomodar o texto ao contido do preacordo, modificando os artigos que era necesario, así como incorporar aqueles artigos novos ou suprimir os que se decidira polas partes. Neste sentido, en relación co artigo 46, as modificacións introducidas pola empresa foron dúas: suprimir la referencia expresa ao ano 2014, e introducir no artigo 10 unha aclaración sobre o contido do artigo 46.

A empresa, alen diso, no seu escrito de alegacións, e subsidiariamente–para o caso de que a laudante non acceda ao anterior- solicitou que se declarase que a redacción do artigo 46 permanece como está, ca referencia ao ano 2014.

COMITÉ DE EMPRESA: A parte social sostén que o plus de calidade debe incrementarse consonte as subidas pactadas na acta de 20.12.2016, sendo os seus argumentos os seguintes:

Código seguro de verificación: HMW53EYLU5P403



Martes, 2 de maio de 2017

Núm. 83

- Na acta final de acordo referida quedou moi claro que a subida salarial era para todos os conceptos, sen exceptuar ningún. Durante o tempo que as partes negociaron nunca a empresa comunicou á parte social a súa intención de manter invariábel o plus de calidade. Mais o contrario, cando se chegou ó acordo final, quedou moi claro que o incremento económico era en todos os conceptos da masa salarial, e se a intención da empresa era outra hai que entender que houbo mala fe por parte da representación empresarial, posto que pretendeu enganar ou non cumprir o acordado.
- Sobre as negociacións dos anteriores Convenios, a parte social afirma que cada negociación é distinta e o que se asinou nos anteriores Convenios non foi obxecto de debate, posto que ámbalas dúas partes así o recolleron nas actas e posteriormente nos textos dos Convenios e así tivo lugar paz social nos anos da vixencia dos mesmos. Segundo o escrito de alegacións, o plus de calidade foi proposto pola parte empresarial no Convenio 2012-2013, posto que a parte social na súa plataforma levaba unha cuarta paga. Aceptouse polas partes o plus e incluso aceptouse pola parte social o seu abono mensual en 11 pagas. No 2014 - 2015 aceptouse pola parte social que este plus permanecese invariable. Polo tanto, sempre se fixo referencia expresa a que o plus permanecía invariable na vixencia dos Convenios asinados.
- A parte social manifesta que, durante o tempo que duraron as negociacións, recalcou que a recuperación do poder adquisitivo era fundamental para chegar a un acordo, xa que, no anterior Convenio, o IPC negativo provocou a conxelación salarial, e a convocatoria de folga xeral do 25 de decembro de 2016 pretendía destacar o impas producido pola negativa da empresa a garantir o IPC real nos incrementos salariais.
- A parte social entende que o incremento económico pactado afecta a todos os conceptos económicos sen exceptuar ningún e que o anexo I (Cadro de salarios) recolle os salarios, pluses, axudas, dietas, indemnizacións, etc que deben actualizarse cos incrementos pactados, e nel está incluído o plus de calidade.

Cuarto.- A árbitra entende perfectamente garantidos os principios de igualdade e contradición, y, trala reunión celebrada e as alegacións presentadas por escrito polas partes, considéranse informada perfectamente das posicións das partes, das súas diferenzas, e dos fundamentos de feito e de dereito dunha e outra.

Pois ben, os anteriores presupostos, son os que serven á actuante a fin de decidir a solución neste conflito.

FUNDAMENTOS DA RESOLUCIÓN

O presente procedemento é un arbitraje en dereito, porque basease na aplicación dos métodos de interpretación das normas xurídicas, referidos no apartado 1 do artigo 3º do Código Civil.

Dos diversos métodos referidos no precepto antedito, os que acadan unha maior importancia para a resolución do presente conflito son os seguintes:

- O método literal ou gramatical, que se concentra en poñer atención na maneira na que foi redactada a disposición a analizar, aplicando as regras gramaticais e da linguaxe para atopar o sentido do escrito, analizando sinxelamente as expresións. Non obstante,



Martes, 2 de maio de 2017

Núm. 83

a interpretación literal non sempre pode reducirse a conceder un significado a partir do que gramaticalmente expresa un texto sen mais, porque, como no caso presente, a ambigüidade que pode presentar a súa redacción require a aplicación dunha interpretación restritiva ou extensiva do escrito.

- O método teleolóxico, que pretende chegar á interpretación da norma a través do fin da mesma, buscando no seu espírito a finalidade pola cal a norma foi incorporada á disposición de referencia.
- O método histórico permite interpretar a norma recorrendo os seus antecedentes, como as ideas dos autores na fase de elaboración das plataformas respectivas, os motivos que propiciaron a redacción, os debates previos a súa emisión...

Dende a perspectiva da interpretación gramatical, a parte social defende a univocidade da expresión “todos los conceptos”, recollida no apartado primeiro do preacordo para referirse a subida salarial para cada un dos anos. A empresa, pola súa banda, confronta a aquela a expresión “permanecendo el resto del texto del Convenio invariable”.

Pódese definir un “texto” como o conxunto de enunciados que compoñen un escrito; neste caso, tratándose dun proceso de negociación colectiva, o “texto” sería o contido gramatical de cada un dos preceptos do mesmo. O termo “concepto”, por outra banda, no contexto dun Convenio colectivo e do preacordo estudado, podería entenderse como aquel elemento ó que fai referencia unha cantidade acordada, neste caso para a subida salarial.

O “texto” dun Convenio, polo tanto, está chamado a regular as condicións de traballo cuxa expresión ou definición requiren dun estudo das partes na negociación ou, a lo menos, dunha aplicación no sentido legal do termo (a cal, a veces, leva implícito un mínimo de interpretación). Os “conceptos” sempre teñen nun acordo colectivo unha nítida raíz económica ou cuantitativa, de modo que o habitual é que as partes acorden a cantidade a aplicar sobre o elemento reflectido, pero non o “texto” das disposicións afectadas.

Seguindo estes razoamentos, nunha aplicación restritiva do método literal, o que debe permanecer invariábel consonte o parágrafo primeiro do preacordo é o contido dos artigos non afectados polos puntos do preacordo. Consonte o criterio extensivo do método gramatical de interpretación das normas, a modificación a efectuar ao abeiro dos puntos acordados pode ser directa –por ter una translación natural o seu contido nun artigo concreto– pero tamén pode ser indirecta –por non dicir expresamente o punto que debe modificarse o texto dun artigo, pero ter indiscutiblemente ese efecto o pactado entre as partes–.

Este último criterio foi o aplicado pola empresa nas dúas propostas de redacción; en efecto, o contido da cláusula primeira do preacordo foi utilizado por CESP A para modificar o texto dos artigos 2º e 3º do Convenio -referidos a Vixencia e Duración e prórroga, respectivamente-, sen que o novo texto dos mesmos o especificaran as partes na mesa negociadora.

A cláusula primeira amparou, ademais, nas nomeadas propostas, unha modificación directa, segunda a cal foi alterada a dicción literal do artigo 10 do Convenio –no que se refire as subidas salariais pactadas–.



Martes, 2 de maio de 2017

Núm. 83

Poñendo en relación os métodos literal e teleolóxico de interpretación, a empresa, de acordo ca doutrina dos actos propios, non pode defender que a expresión “permanecendo el resto del texto del Convenio invariable” impide estender as cláusulas do preacordo a preceptos do Convenio non afectados expresa e especificamente polo mesmo. O que permite, polo tanto, entender que calquera dos conceptos económicos susceptible de incrementarse polo IPC atópase incluído na vontade das partes plasmada na cláusula primeira.

En relación as anteriores negociacións (Convenio 2012-2013 e 2014-2015) temos que acudir a interpretación histórica para ver en que sentido poden incidir os antecedentes coñecidos pola árbitra na resolución a adoptar.

No caso da regulación convencional dos anos 2012-2013, apareceu por primeira vez o plus de calidade, e, aínda que no expediente non se inclúe a documentación correspondente, non é difícil adiviñar que o preacordo sometido á Asemblea recollía o plus na súa redacción, como é habitual cando se acorda por primeira vez un novo concepto retributivo. Respecto a negociación que foi desenrolada para a firma do Convenio 2014-2015, a parte social declarou durante a comparecencia –sen que a empresa alegase nada en contra– que se falou expresamente sobre a invariabilidade do plus de calidade, nun contexto de contención salarial iniciado no Convenio anterior. Así o recolle, tamén, as alegacións escritas da parte social. En proba desta aquiescencia, a redacción das propostas de Convenio elaboradas pola empresa xa reflexaban a conxelación do plus regulado no artigo 46.

A negociación para o Convenio 2016-2017, a diferenza das anteriores, foi precedida dunha convocatoria de folga indefinida, cuxo inicio marcaron os convocantes no día 25 de decembro. Resulta indubidable o perfil simbólico da data escollida para o inicio dos paros, o que se explica na dureza do posicionamento da parte social, cuxo interese nesta negociación foi a recuperación do poder adquisitivo dos traballadores.

Conxugando os métodos literal, teleolóxico e histórico, resulta doado concluír que, para os traballadores reunidos na Asemblea que desconvocou o conflito e puxo fin o exercicio dun dereito fundamental, o feito de que o preacordo declarase a subida de “todos los conceptos” do Convenio –sen deixar fora un plus susceptible de ser incrementados consonte o IPC– foi determinante para a desconvocatoria da folga, dada a importancia concedida neste Convenio á recuperación do perdido nos anos anteriores.

Por último, no referido á petición subsidiaria da empresa, como xa se expuxo pola actuante perante a comparecencia das partes, atender esta sería tanto como deixar sen contido o presente proceso, posto que, de manterse a redacción proposta para o artigo 46, o problema interpretativo planteado neste proceso non sería resolto.

PARTE DISPOSITIVA

En base a tódolos anteriores antecedentes, tendo en conta o establecido no punto segundo do presente, dítase o seguinte laudo en dereito, de conformidade cas normas previstas na Sección 3ª do Capítulo III do Acordo Galego para a Solución Extraxudicial de Conflictos Colectivos de Trballo (AGA), co seguinte punto



Martes, 2 de maio de 2017

Núm. 83

ÚNICO

O plus de calidade enténdese incluído na expresión “todos los conceptos” da acta de preacordo de 20.12.2016, e debe verse incrementado nas contías pactadas no mesmo -0,7% para o ano 2016 (revisión se o IPC é superior ó 0,7%, na diferenza), IPC real do ano 2016 mais ó 0,6% para o ano 2017, IPC real do ano 2016 mais ó 0,6% para o ano 2018-.

O presente laudo poderá recorrerse polos motivos, vías e prazos que se establecen nos artigos 65.4 e 163.1 da Ley 36/2011, reguladora da Xurisdición Social. A súa executividade rexerese polo disposto no artigo 68.2 de dito corpo legal.

Dado en Vigo, a 27 de marzo de 2017.—A Árbitra, Verónica Martínez Barbero.

O Xefe Territorial, Ignacio Rial Santomé.



www.cigservizos.org

Código seguro de verificación: HMWH53EBYLUSP403

